

RESOLUCIÓN DA ALCALDESA PRESIDENTA

En Vilagarcía de Arousa a 11 de novembro de 2008

Vista a proposta de contratación urxente dun técnico deportivo para a Fundación de Deportes, así como que se solicite ó INEM listado de titulados en TSAAFD, para sobre dito listado realizar as correspondentes probas selectivas.

Visto o informe do departamento de persoal.

Vistos os antecedentes obrantes no expediente, en especial a non dispoñibilidade de ningún dos membros da lista de candidatos formada no proceso selectivo anterior.

Acreditada a urxencia e necesidade da contratación.

RESOLVO:

Primeiro. Se solicite do INEM a remisión dun listado de titulados técnicos deportivos TSAAFD. Que figuren como demandantes de emprego, e poidan participar no proceso selectivo posterior realizar polo Tribunal que no seu día se nomee ó efecto.

Segundo. Se dea publicidade asemade a través da WEB do concello e no taboleiro de anuncios do Concello.

Segundo. Propoñer na próxima Xunta de Goberno Local se acorde o inicio de expediente de selección de persoal temporal ao efecto e segundo os criterios que figuran propostos no expediente polo Director de Actividades Deportivas.

A ALCALDESA PRESIDENTA

A SECRETARIA XERAL